


O cine feminista non é pra min unha categoría histórica e por iso atopo equivocado o plantexamento de que as películas feministas soamente poden ser dirixidas polas mulleres. Os homes poden propoñerse esta disxuntiva, porque eles, desde hai moitos séculos, teñen como resposta os problemas da muller a expresión “poñer baixo tutela”. So cando as mulleres, elas mesmas, representan os seus casos, poideron avanzar. So, agora, os homes escomenzan a apreciar o que significa cas mulleres estén representadas en tódalas partes e por suposto tamen nosoutras temos que imaxinalo unha e outra vez, pra darnos valor.

Cine feminista é un cine que trata tódolos problemas, realidades, desexos, soños, que hastra agora foron deixados de lado por parte dos homes. As mulleres anovan partes dun inconsciente déficit social.

Mentras os homes non entendan cas mulleres fan cine pra eles e mentras as mulleres non sexan un público organizado e poderoso, non é o cine un lugar pras películas feministas, senon as agrupacións das mulleres. Hai que crear pouco a pouco un público.

No sector da cinematografía repercutiu, como noutros moitos sectores sociais, o intento de formular unha nova identidade, de facer revivir novos conceptos que pertencen, desde hai algúns anos, o poder dos novos movementos feministas. Nestes momentos e por mor da rápida profesionalización das directoras de cine cuestionase xa o queito das películas femininas. Tense logrado unha oferta de películas tan ampla que coma sempre, sensibilizados a competencia, os directores de cine masculinos incluen, de cando en vez, motivos ou temáticas do movemento feminista nas suas producións.

A participación das mulleres na dirección cinematográfica non é unha novidade, moito antes de ter dereito o voto, a industria cinematográfica xa as contaba como realizadoras. Durante os anos dez e vinte era bastante corrente ver a unha muller detrás da cámara nos estudos americanos, pro a medida que foi avanzando o século o seu número foi diminuindo, e contra a década dos cincuenta, os Estados Unidos de Norteamérica contaban só con unha realizadora. Na actualidade a situación cambeou e as mulleres obtiveron un merecido éxito en todo o mundo. A primeira realizadora foi a francesa Alice Guy. Empezou unha carreira que era, e é, corrente pra unha muller: a de secretaria, pro foi a secretaria de Leon Gaumont, pionero do cine francés e il estivo disposto a ofrecer unha oportunidade a unha muller. Alice Guy dirixiu o seu primeiro filme “La fee aux choux” (A fada das coles), en 1896 e a sua carreira como realizadora durou vintecatro anos. En 1.906 dirixiu algunha das primeiras películas sonoras. Marchou os USA onde fundou a Solax Company, da que foi Presidenta e directora xefe. Durante os catro anos seguintes supervisou as trescentas producións da compañía. A seguinte realizadora francesa foi Germaine Dulac, que iniciou a sua actividade en 1.915, interesandose no cine como forma artística. As suas películas inscribíronse dentro do movemento vangardista, o surrealismo e o cine abstracto. Dulac foi unha



A MULLER NO CINE

Teresa Navaza González

activa feminista. Lembramola hoxe aínda por “La coquille e le clerigman” (1.928), posiblemente a primeira película surrealista. O filme mereceu a distinción de ser refugado pola censura británica por ser “ten misterioso que case carece de sentido. Si ten un sentido é sen dubida reprotable”.

Mentras tanto en America as mulleres impoñíanse en case tódalas ramas da produción cinematográfica. Houbo un campo particular no que as mulleres sobresaíron durante a época do cine mudo, na industria americana: o de guionistas. A millor realizadora da época foi Lois Weber. A sua carreira durou desde os anos dez hastra os trinta. Foi unha realizadora intransigente que escribiu os seus propios guións, tratando en case todos eles temas sociais e relixiosos polemicos, do aborto a pena de morte e do antisemitismo o cristianismo. “Hipocritas” (1.914) é unha obra tipicamente sua que, nos seus esforzos por atacar a hipocresia en tódolos aspectos da vida americana contén escenas de desnudo femenino explícito.

Houbo máis de trinta realizadoras, en America, durante a época muda, que mesmo chegaron a dirixir western de acción demostrando que nengún tema cinematográfico estaba fora do alcance dunha muller. Nos anos vinte houbo varias mulleres realizadoras en Checoslovaquia, Suecia, Rusia e Países Baixos. Unha das primeiras realizadoras da nova xeneración do sonoro foi a novelista inglesa Elinor Glyn. Na década dos corenta producese unha decadencia no tocante as realizadoras. Nos Estados Unidos a década estivo dominada pola realizadora experimental Maya Deren descrita polo historiador de cine Georges Gadoul como “se cadra a figura máis importante no desenvolvemento do cine de autor e independente da posguerra americana”. A década dos corenta finalizou coa aparición dun dos máis grandes talentos entre as realizadoras americanas,

na persoa de Ida Lupinoquen empezou como actriz e chegou a dirixir 7 largometraxes e algúns episodios pra series televisivas.

Nos últimos vintecinco anos, as realizadoras volve-ron a destacar e reclaman cas teñan en conta, tanto en Europa como en América. A relación de mulleres podería chegar a ser exhaustiva, por iso ahí vai unha pequena mostra: Astrid Henning Jansen, Larissa Shepitko, Liliana Cavani, Lina Wertmüller, Mai Zetterling, Rosario Pi, Pilar Miró, Josefina Molina, Denise Tual, Margarita Durás, Agnes Varda-os seus filmes están considerados como os millores filmes realizados nos últimos tempos por un cineasta francés, home ou muller.- Na actualidade os Estados Unidos van a cabeza no tocante a realizadoras. De feito, son tan numerosas, en particular no campo documental, que sería imposible enumeralas todas. Quero non ostante destacar a unha realizadora de orixe alemán: Lotte Reiniger, pionera da técnica do cine de animación en Europa. Os seus filmes feitos con figuras de silueta delicada, son coñecidos e admirados en todo o mundo. En 1.926 realizou "As aventuras do príncipe Achmed", /A primeira largometraje de animación da historia/. Dende 1.948 traballa intensamente prá BBC.

E non quero rematar sen lembrar algunha temática, en primeiro lugar "TOMEU COMO UN HOME SEÑORA", filme danés do ano 1.975, escrito, dirixido, producido, montado, fotografiado, etc... por mulleres. A participación masculina reduciuse a un ou dous interpretes. Realizado polo colectivo IR-MAS ROXAS e un filme sobre as mulleres e os homes vistos desde unha óptica feminina, unha mestura de comedia, comentario social e argumento político, no que a situación básica e o soño dunha ama de casa de 55 anos que, aburrida da súa existencia, soña coa inversión dos habituais papeis do home e da muller, experiencia que fortifica a súa determinación a ignorar a condescendiente actitude de seu home e iniciar por si mesma unha nova carreira comercial.

"O PODER DOS HOMES E A PACIENCIA DAS MULLERES" (1.978) da suíza Cristina Perincioli.

Trata da violencia no matrimonio, un tema que aínda hoxe segue a ser tabú. O título resume as doo-ras leccións de moitas mulleres maltratadas. Non se trataba de facer un psicodrama dun determinado matrimonio, senon de achegarmonos as experiencias de varias mulleres. A película fai público seu sufrimento, que normalmente se considera privado e socialmente irrelevante. Cristina non aceptou compromisos. Logrou a finalidade política de confortar a toda Alema-nia co problema da muller maltratada no fogar, xa que a súa película, se pasou pola TV. Neste traballo dáse un informe preciso e claro sobre as dificultades que teñen que superalas mulleres pra librarse do poder do home. Con exactitude documental narranse as causas polas que fracasan tantos intentos de fuga. Analiza as reaccións dos órganos oficiais diante do problema da violencia na esfera íntima. Existe unha clara alianza secreta entre as institucións e o xefe da familia.

Poderíamos seguir falando de temática que tratan do mundo laboral feminino, da revelación "do fracaso" dunha vida os 50 anos vividos só "a sombra dun home-o marido-mulleres cun enorme potencial humano que non poden desenvolverse no medio estéril no que viven, falaríamos tamén do tema da afectividade, da ternura, das nais solteiras, da pena de morte, do aborto, do pacifismo, da loita anticapitalista e antiimperialista, pro non nos chegaria este primeiro número nen seguramente a vosa paciencia.



En resumo, a incertidume e a crise de identidade encabezada polo movemento feminista xa non se pode negar, ten que ser asumida sexan cales sexan as consecuencias. Hai unhas doce anos as mulleres empezaron a producir películas dentro do marco dun "cine militante". Na actualidade prodúcese unha onda de profesionalización das mulleres no sector da produción cinematográfica, de modo que moitas das películas xa non teñen ningunha comparación cos principios do cine militante. Só cando o movemento feminino empezou a ser inesperadamente amplo, empezou a pensarse nun traballo práctico, por iso non é de extrañar que tamén as películas das mulleres se movan a diferentes niveis, e cos intereses e motivos cheguen a ser cada vez máis diferenciados. Hoxe xa non se pode etiquetar como "película feminista" o conxunto da produción.

Iste traballo quixo ser unha mostra do que o feminismo aportou no campo do cine profesional en tres amplos sectores da produción: cine de ficción, cine documental e cine experimental.

A categoría de cine "feminista" debería de ser repensada e redefinida, pra que por unha parte, non se use como unha etiqueta sen contido, e pola outra, non chegue a ser o selo dunha produción de ghuetto.

Poderíamos afirmar que, xa agora, non existe un cine de mulleres fronte a un cine de homes, senon un cine que plantexa unhas reivindicacións precisas e que é tratado tanto por homes como por mulleres.

